

10 razóns para pertencer a A.N.P.A do CEIP "Sada e Contornos"

- 1) Porque é a nosa responsabilidade educar aos nosos fillos e as nosas fillas
- 2) Pola necesidade de estar unidos á hora de reivindicar aspectos que nos axuden a mellorar a escola pública.
- 3) Porque un movemento de pais e nais agrupados fan que as iniciativas e peticións destes sexan vistos con maior respecto polas administracións públicas, pola sociedade, etc.
- 4) Porque existe un marco legal onde se ampara o noso dereito a participar na vida do Centro Escolar
- 5) Pola importancia de levar aos Consellos Escolares a presenza dos pais e nais, organizados nas ANPAs, para defender os intereses de todos, non os individuais.
- 6) Porque se os pais e nais non somos capaces de motivarnos pola educación dos nosos fillos... ¿Por quen o faremos?
- 7) Porque se as nais e os pais non somos activos e participativos, como explicar aos nosos fillos e fillas que teñen que ser persoas implicadas nunha sociedade onde poidan e deban expresarse , participar e corresponsabilizarse no seu propio futuro.
- 8) Porque para realizar a formación activa dos pais e nais é necesario unir esforzos e ideas.
- 9) Porque as ANPAs deben traballar pola integración no seu contorno, facendo uso das instalacións do Centro Educativo.
- 10) Porque todos somos necesarios para mellorar a calidade de vida para os nosos fillos e fillas.

Estades convidados a formar parte da entidade representativa das nais e pais de alumnos do colexio do voso fillo/a.

FAITE SOCIO

Asociación de Nais e Pais de Alumnos do CEIP "Sada e Contornos"



ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS AS MARIÑAS



**ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS
AS MARIÑAS**

Teléfonos de contacto: 675598521 - 675598522 - 675598523 - 675598524

Correo electrónico: anpa.sadaecontornos@gmail.com

Colexio de educación infantil e primaria Sada e contornos

Avda. Sada e contornos s/n. 15160 Sada. A Coruña. Tfno colexio 981 620 337

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Horario: de 16 a 18 horas

Cada curso ofértanse unha serie de actividades dirixidas aos alumnos e alumnas do centro. Dos horarios e prezos infórmase nunha circular ás familias.

Neste curso estamos ofertando as seguintes actividades:

PINTURA

MANUALIDADES

XOGANDO CO CORPO

XOGANDO CO INGLÉS

JUDO

PISCINA

PATINAXE

MULTIDEPORTE

Non se escolleron estas actividades ao azar, senón porque considerabamos que se complementan entre si contribuíndo á formación integral dos nenos e nenas, e pensando ademais que as actividades máis lúdicas achegasen diversión e aprendizaxe e que as deportivas non fosen de mero deporte competitivo.

As características de cada unha das actividades son:

Manualidades. Trabállase con gran variedade de materiais, a gran maioría reciclados, con texturas diferentes, xa que logo traballan coa vista, a mente, as mans... en definitiva con todos os sentidos dunha forma lúdica.

Xogando co corpo. Actividades psicomotrices dirixidas aos máis pequenos..

Judo. Escolleuse polo que este deporte implica en canto a respecto, educación, disciplina persoal... As formas dentro da súa práctica son moi importantes (saúdo, respecto ao adversario,...) e por iso pareceunos interesante.

Tal vez sería un bo tema para tratar na escola de pais, referímonos á importancia do deporte dentro do desenvolvemento non só físico se non tamén psicolóxico do neno, aprender a controlarse, a convivir con compañeiros, traballar en equipo, aprender a perder e a gañar, ... E todo isto ademais é trasladable aos adultos.

Multideporte. Pensando sempre que non todo é fútbol, que hai outros deportes igualmente bonitos e xa que o único xeito de coñecerlos é a través do cole (non hai outras ofertas no municipio que se saiba) expomos esta actividade do seguinte xeito: en cada un dos trimestres en que se divide o curso realízase un actividade deportiva, tendo a opción de repetir no terceiro aquela que eles queiran. Ata a data traballaron con tenis, baloncesto e está pendente voleibol.

O mesmo criterio pode aplicarse para patinaxe, aínda que exposta como actividade independente polo elevado número de alumnos que a realizan.

Xogando con inglés. É cada vez mais importante o coñecemento de idiomas e sobre todo do inglés, é a linguaxe técnica por excelencia. En calquera caso quixemos diferencialo da disciplina académica e cóstanos que nos cursos máis pequenos a mecánica de traballo é totalmente interactiva, continuando así ata case o último curso.

ESCOLA DE PAIS

Actividades dirixidas ás familias. Iniciamos no curso 2006-07 unha serie de actividades sobre diversos temas que nos preocupan aos pais e nais na educación dos nosos fillos e na nosa propia formación: a alimentación, educación para a igualdade, habilidades sociais para a resolución de conflitos,... Este curso mantemos a escola ofertando diversas actividades ás nais e pais de alumnos.

As nais e pais non temos porque sabelo todo en relación coa educación dos nosos fillos pero si que debemos tratar de aprendelo. Unha boa forma pode ser participando na escola de pais.

escoladepais.sadaecontornos@gmail.com
Teléfono contacto para a escola de pais: 675598522

